

BANDO

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E XESTIÓN DA BIOMASA

O alcalde do Concello do Grove FAI SABER:

Que todas as persoas propietarias ou usufrutuarias de terreos situados no municipio teñen a **obriga de xestionar a biomasa vexetal nas súas propiedades antes do 30 de maio de 2020**. De acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e na Orde do 31 de xullo de 2007, esta xestión debe executarse obrigatoriamente nas seguintes **zonas**:

En faixas de **50 metros ao redor dos núcleos de poboación en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ao redor de edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras**, parques e instalacións industriais e construcións illadas en solo rústico, incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas (na devandita franxa de **50 metros tampouco poderá haber piñeiros, eucaliptos nin acacias**), é dicir, executar os traballos coñecidos como labores de **corta e roza**.

De acordo coa devandita lexislación e coa Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, o non cumprimento da obriga de xestión da biomasa vexetal por parte da persoas responsables constitúe unha infracción pola que se lles poden impoñer inicialmente **importantes sancións económicas**.

Protexer as persoas, previr e impedir os incendios é responsabilidade de todas e todos.

Documento asinado dixitalmente na marxe